Colexio María Inmaculada
Carmelitas - VIGO
www.hhcarmelitas.com

Vigo, 26 de setembro 2016

Estimadas Familias:

Comezamos o curso co obxectivo xeral: ATOPÁMONOS COS DEMAIS, e parécenos moi boa idea animar aos nosos alumnos a recoñecer a diversidade.

Dende o Colexio queremos animarvos a participar na 35º edición da MARCHA ASPANAEX.

Nesta edición, os fondos recadados destinaranse ao mantemento da terapia de actividades acuáticas.

A Marcha é, como sempre, de nove quilómetros polo centro da nosa cidade e terá lugar o domingo, 2 de outubro do 2016. Como novidade este ano para participar HAI QUE ADQUIRIR UN DORSAL, cuxo importe será de 3 euros para nenos menores de 10 anos e persoas con discapacidade e de 5 euros para o resto dos participantes. Este dorsal poderase adquirir en :

.-Ataquilla.com ou www.aspanaex.org
.-Sede Afundación de Vigo, sita en Policarpo Sánz, 26.
.-Central de Espectáculos de Vigo, en Velázquez Moreno, 26.
.-No Centro Comercial Gran Vía, os días 24, 30 de setembro e 1 de outubro.

Os dorsais entregaranse no CC Gran Vía. Cada participante ten un regalo por participar e entra no sorteo doutros agasallos doados por empresas e comercios da nosa cidade.

O domingo 2 de outubro, no Auditorio do Parque de Castrelos, ás 10:00h haberá quecemento mediante unha sesión de Zumba, ás 10:20h Pregón e ás 10:30h sae a Marcha.

Esperámosvos, xunto aos vosos fillos.

Un saúdo
O Departamento de Pastoral